

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 9 de xaneiro de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTE:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chavez Castro  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día nove de xaneiro de dous mil seis e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Ilmo. Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o secretario xeral do pleno, Sr. Riesgo Boluda, en substitución do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA. Nº 179/2005 INTERPOSTO POR JOSE UBALDO LÓPEZ LEICEAGA CONTRA RESOLUCIÓN DO 11.04.05 DO CONCELLEIRO DELEGADO DE SEGURIDADE POR SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 10401002843) . ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 17.10.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución de 11.04.05 do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de vigo, dictada no expediente administrativo número 10401002843, pola que se imponía ao recorrente unha sanción de 45 € por circular con su vehículo sen facer uso do cinturón de seguridade. A sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de José Ubaldo López Leiceaga, seguido como proceso abreviado número 179/05, fronte ao Concello de Vigo, contra a resolución arriba iniciada, declarase nula, e deixase sen efecto, con imposición das custas do procedemento da Administración demandada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Seguridade, Circulación e Transporte, para proceder a anulación da sanción, devolución do seu importe no caso de que fora pagada e, no seu caso, arquivo do procedemento executivo que poda terse incoado.

**2.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 83/2005 INTERPOSTO POR BELARMINO ALONSO COMESAÑA DE DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE DE FCC, SA, POR DANOS SOFRIDOS EN ACCIDENTE DE TRÁFICO. ESTIMADO.**

Dáse conta a senteza de data 29.07.05 dictada polo Xulgado do Cotencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Belarmino Alonso Comesaña, contra resolución na data 24 de xaneiro de 2005, dictada polo Concello de Vigo, no expediente de responsabilidade patrimonial 15.838/240 de 2003; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito, condeando á Administración demandada a satisfacer ao actor solidariamente coa entidade Fomento de Construcións e Contratas S.A., a cantidade de 210,35 €, polos danos sufridos. Todo iso cos xuros legais dende a data da reclamación en vía administrativa.

Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse cota a Intervención Xeral do Concello e ao Departamento de Patrimonio e Contratación para o seu cumprimento e a reclamación que, de acordo coa sentenza, proceda da cesionaria do servizo de limpeza municipal.

**3.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO RCA Nº 327/2003 INTERPOSTO POR MARÍA DEL CARMEN PEIXOTO RODRIGUEZ CONTRA RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS DO 10.10.03 POR CLASIFICACIÓN COMO VECIÑAL DO MONTE “A MINA” EN CASTRELOS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 20.09.05 dictada polo Xulgado do Cotencioso-Administrativo número 1 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Debo desestimar e desestimao integramente a demanda formulada polo Procurador dos Tribuais D. Luis Valdes Abillo, actuando en nome e representación de Carmen Peixoto Rodríguez, contra a Resolución do Xurado Provincial de Montes Comunais en Man común de 10 de outubro de 2003, pola que desestimase o recurso de reposición cotra o acordo de 20 de febreiro de 2003, en relación coa calificación

como comunal do monte denominado A Mina da parroquia de Castrelos, todo iso sen facer expresa imposición de custas a ningunha das partes.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio do Concello.

**4.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 36/2005 P.A., INTERPOSTO POR AMELIA PALACIOS GONZALEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DO 30.09.03 POR CAÍDA DA RECORRENTE NA RÚA BUENOS AIRES. DESESTIMADO.**

Dáse cota da sentenza de data 04.06.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por AMELIA PALACIOS GONZALEZ contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada pola actora e data 30 de setembro de 2003, no expte nº16575/240-03, por razón dos danos sufridos a consecuencia dunha caída acaecida o día 21 de xunio de 2003, ao tropezar cunhas vallas deterioradas na beirarrúa da rúa Buenos Aires, desta cidade, cruce con Sanjurjo Badía e Doctor Corbal; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen condea en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación do Concello.

**5.-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 73/2005 INTERPOSTO POR MANUEL PENA VIEITEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENZO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. SOLICITADO O DESESTIMENTO POLO DEMANDANTE.**

Dáse conta do auto de data 24.06.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acordo ter por desistido o recurrente Manuel Pena Vieitez do presente recurso contencioso-administrativo e declarar o remate do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación do Concello.

**6.-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 20/2005 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI DOS ANOS 2002 E 2004 DO INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 002400100NG07F0001/O. RECOÑECIDAS EXTRAXUDICIALMENTE AS SÚAS PRETENSÍONS, SOLICITADO O DESESTIMENTO POLA ACTORA.**

Dáse conta do auto de data 01.09.05 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarase rematado o presete procedemento interposto pola Xunta de Galicia contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprosesal. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros registro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demanda.

Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, da que deberá darse conta ao Departameto de Administración e Tributos do Concello.

**7.-AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 27/2005 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI DOS ANOS 2002 E 2004 DOS INMOBLES DE REFERENCIAS CATASTRAIS 000400100NG07E, 001500100NG07B E 001300100NG07D. RECOÑECIDAS EXTRAXUDICIALMENTE AS SÚAS PRETENSÍONS, SOLICITADO O DESESTIMENTO POLA ACTORA.**

Dáse conta do auto de data 08.06.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro rematado o presente procedemento, ordeando o arquivo do recurso e a devolución do expediete administrativo. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Departameto de Administración de Tributos do Concello.

**8.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO RCA Nº 47/99 INTERPOSTO POR FUNDITESA SANJURJO, SA, CONTRA RESOLUCIÓN DO 01.03.99 POLA QUE SE IMPÓN SANCIÓN POR INFRACCIÓN TRIBUTARIA. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 14.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número tres de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación da entidade mercantil “ FUNDITESA SANJURJO, S.A.” contra a resolución da Alcaldía de Vigo de 08.06.99, sobre sanción tributaria, que se confirma por ser axustada a dereito. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada da sentenza, da que deberá darse conta á Inspección de Tributos Municipal.

**9.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO RCA Nº 297/2004 INTERPOSTO POR MANUEL ESTEVEZ LORENZO, CONTRA RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS DO 14..07.04, SOBRE CLASIFICACIÓN DE MONTESL “LAVADORES NORTE” E “LAVADORES SUR” E EXCLUSIÓN DO MONTE MEIXUEIRO. INADMITIDO POR FALTA DE LEXITIMACIÓN DO ACTOR.**

Dáse conta da sentenza de data 27.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo declarar e declaro a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto polo procurador Sr. Escariz Vázquez, no nome e representación de D. Manuel Estévez Lorenzo, contra a resolución do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais e Man Común de Pontevedra de data 14 de xullo de 2004 desestimatoria do recurso de reposición á súa vez deducido contra o acordo do citado Xurado de data 20 de xullo de 2001 clasificando como veciñais en Man Común a favor dos veciños da parroquia de Santa Cristina de Lavadores do Concello de Vigo os montes “Lavadores Norte” e “Lavadores Sur”, por concorrer a causa de inadmisibilidade de falla de lexitimación do recorrente (artigo 69-b LJCA), sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio do Concello.

**10.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NA APELACIÓN Nº 03/7019/2004 INTERPOSTA POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO POR SENTENZA DO XULGADO DO CA NÚM. 1 DE VIGO, DESESTIMATORIA DE DEMANDA INTERPOSTA CONTRA RESOLUCIÓN MUNICIPAL DO 09.09.02 POR LIQUIDACIÓNS DO IBI CORRESPONDENTES Ó ANO 2002. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.07.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto pola Autoridade Portuaria de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de data 3.12.03, pola que se desestimou o recurso contencioso administrativo tramitado como procedemento ordinario baixo o nº

265/2002 e formulado contra resolución de 9.09.02 do concelleiro-delegado de Economía e Facenda o Concello de Vigo que declaraba inadmisibile o recurso de reposición que a Autoridade Portuaria de Vigo interpuxo contra as liquidacións do Imposto sobre Bens Inmóveis correspondente ao exercicio 2002. A Sentenza falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto pola Autoridade Portuaria de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo de data 3 de decembro de 2003, que confirmamos en todos os seus extremos e con imposición de custas á parte recorrente.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Administración de Tributos do Concello.

**11.- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 26/2005 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI DOS ANOS 2002 E 2004 POLOS INMOBLES DE REFERENCIA CATASTRAL 000900100NG7B. RECOÑECIDAS EXTRAXUDICIALMENTE AS SÚAS PRETENSÍONS, SOLICITADO O DESESTIMENTO POLA ACTORA.**

Dáse conta do auto de data 08.06.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaro REMATADO o presente procedemento, ordeado o arquivo do recurso e a devolución do expediente administrativo. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Departamento de Administración de Tributos do Concello.

**12.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 213/2005 PROC. ABR., INTERPOSTO POR IAGO FERNANDEZ ALVAREZ CONTRA DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN POR RESOLUCIÓN DO 11.04.05 CONTRA RESOLUCIÓN DO 03.02.05 DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN POR EXCESO DE VELOCIDADE (EXP. 1041989895). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 30.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Iago Fernández Alvarez contra resolución do Concello de Vigo de 11 de abril de 2005, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo recorrente fronte a resolución de data 3.2.2005, dictada no expediente sancionador núm.1041989895, que impuxo ao mesmo sanción consistente en multa de 302 euros por infracción do artigo 19.3 da Lei de

Seguridade Vial; resolución que confirmo, ao considerala axustada a dereito. Sen facer expresa imposición de custas procesales.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de municipal de Seguridade, Circulación e Transporte.

**13.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 235/2004 P.O., INTERPOSTO POR EMPTY, SL, POR INACTIVIDADE DO CONCELLO PARA O COMPLETO PAGAMENTO DA MONTAXE E DESMONTAXE DA EXPOSICIÓN “ANTONIO PALACIOS, CONSTRUCTOR DE CIDADES”. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 07.11.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo na súa totalidade o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de EMPTY, S.L., fronte ao Concello de Vigo, contra a desestimación presunta da súa declaración polos servizos prestados, polo que condeno á Administración municipal a aboarlle á recorrente a cantidade de 58.771,66 € en concepto de principal, máis 9.809,60 € en concepto de intereses, cantidades ás que serán de aplicación os xuros legais dende a data de interposición do presente recurso contencioso-administrativo, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Intervención Xeral.

**14.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 103/2005 P.A., INTERPOSTO POR MARTA GONZALO CORREA, CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DO 05.04.04 POR DANOS NO SEU VEHÍCULO POR RESTOS DE FORMIGÓN NA VÍA PÚBLICA. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 29.07.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente, o recurso contencioso-administrativo interposto por MARTA GONZALO CORREA, contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada pola actora en data 5 de abril de 2004, no expediente 16.682-240 de 2003, por razón dos danos materiais sufridos polo seu vehículo Peugeot 307, 0130BXC, o día 23 de outubro de 2003, ao golpear a parte baixa de dito automóvil contra os restos dunha base de formigón existentes na confluencia entre as Avds. De Castrelos, e de Balaidos, desta cidade; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito, condenando á Administración demandada a satisfacer ao actor a cantidade de 3.594,74 €, polos danos sufridos. Todo iso con xuros legais dende a data da reclamación en vía administrativa. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Intervención Xeral do Concello .

**15.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 61/2005 P.A., INTERPOSTO POR ALBERTO FERNANDEZ RODRÍGUEZ, CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DO 07.04.04 POR DANOS CORPORAIS E MATERIAIS DERIVADOS DE ACCIDENTE DE TRÁFICO POR MAL ESTADO DA CALZADA NA TRAVESÍA DE VIGO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.09.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Alberto Fernández Rodríguez fronte á desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 7 de abril de 2004, no Expte. nº 414/243; resolución que confirmo, ao entendela axustada a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación.

**16.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 101/2005 P.A., INTERPOSTO POR FABIAN RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DO 13.07.04 POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 13.10.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 deVigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-asministrativo interposto pola representación de Fabián Rodríguez Fernández fronte ao Concello de Vigo, condenando á Administración municipal demandada a retomar as actuacións practicadas no expediente administrativo número 262/243 de 2004 rotraer as actuacións practicadas no expediente administrativo número 16.027/240 de 2004 e a dictar, no prazo máximo de dous meses, resolución expresa acerca da reclamación patrimonial formulada no seu día polo agora recorrente, nos termos esixidos legalmente, con expresa determinación do título de imputación de responsabilidade en que base dita resolución expresa. Todo iso con expresa condena en custas á Administración municipal polos motivos expostos no fundamento xurídico 6º desta resolución.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Patrimonio e Contratación.



**17.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 14/2004 P.A., INTERPOSTO POR JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ SERODIO E CÁNDIDA HERMIDA ALONSO, CONTRA DESESTIMACIÓN DA REPOSICIÓN INTERPOSTA CONTRA MULTA COERCITIVA POR INCUMPRIMENTO DE ORDE DA ALCALDÍA DO 21.10.02 DE RETIRADA DE MURO DA VÍA PÚBLICA. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por José Antonio Martínez Serodio y Cándida Hermida Alonso contra resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de 04.12.03 desestimatoria do recurso de reposición interposto polos agora recorrentes fronte ao Decreto de 06.10.03 polo que imponía aos mesmos no expte. nº 36048-250 unha multa coercitiva de 3.000,00 Euros; resolución que anulo ao entendela contraria a dereito. Sen condea en custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Departamento de Vías e Obras.

**18.-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA Nº 02/5139/02, INTERPOSTO POR JOSÉ MANUEL PIÑEIRO DOMÍNGUEZ E OUTRO, CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONICAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 22.09.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D.J. Manuel e Ricardo Piñeiro Domínguez contra desestimación polo silencio administrativo do Departamento de Patrimonio e Contratación do Concello de Vigo en expte.14542/240 sobre responsabilidade patrimonial, condenamos ao Concello de Vigo a que abone a favor do dono da moto D.José Manuel Piñeiro Domínguez, 369,14 euros, e a favor do lesionado D. Ricardo Piñeiro Domínguez, 16.714,04 euros, cantidades que serán actualizadas dende 11 de setembro de 2001 con arranxo ao índice de prezos ao consumo fixado polo Instituto Nacional de Estadística e con ampliación á partir da última data citada do xuro legal do diñeiro ata a data de notificación desta Sentenza; sen facer imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda eterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta os Departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención Xeral.

**19.-PRESTACIÓN DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPEDIENTES 21/869 E 11.001.043.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 29.12.05, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación de Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Flora Alfaya Guerra. Expte. 21/869.
- D<sup>a</sup> Obdulia Simón Pérez. Expte. 11/1043.

**20.-AUTORIZACIÓN Á FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS A ORGANIZACIÓN DO “CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS” O 25.01.06 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 5978/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.01.06, conformado pola concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Federación Galega de Deportes para Minusválidos Psíquicos a organizar o vindeiro día 25 de xaneiro de 2006 a proba deportiva denominada “Campionato Galego de Campo a Través 2006” que está previsto que se desenvolva no Parque de Castrelos entre as 09:30 h. e as 14:00 h.

**21.-GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE XANEIRO.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral do 3.01.06, conformado polo interventor xeral acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan, para incluír na nómina do mes xaneiro de 2006.

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1216	Patrimonio e Contratación	87,21
1218	Parque Central	307,70
2220	Seguridade	816,30
3130	Benestar Social	31,62
4220	Educación	491,47
4326	Montes Parques e Xardíns	33,66
4430	Cemiterios	118,32
4513	Museos	163,20
4631	Participación Cidadá	40,46
5110	Vías e Obras	2.782,26
6110	Inspección de Tributos	3.306,50
TOTAL		8.178,70

**22.-APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA ÁREA DE REPARTO DO PERI IV-01 SAN ROQUE A.. EXPTE. 4553/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión e Planeamento da Xerencia municipal de Urbanismo, do 26.12.05, que di o seguinte:

*En data o 29.07.02, o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93), na súa versión (abril 2002), referida ó ámbito IV-01-San Roque, redactada polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de planeamento da XMU (expte. 6527/411). O*

acordo, xunto coa nova ficha de características do sector publicáronse no BOP número 184, do 25.09.2002 e no DOGA número 192, do 04.10.2002.

O Consello da XMU o 21.12.2000, acordou o seguinte: "(...) Tomar coñecemento do avance do Plan Especial de Reforma Interior IV-01 San Roque A, de iniciativa municipal, redactado pols servizos técnicos municipais da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo (expte. 8570/411) (...)"

Con posterioridade abriuse un trámite de información pública polo prazo dun mes mediante publicación de sendos anuncios no DOGA núm. 40, do 26.02.2001 e no diario de Faro de Vigo do 2.02.2001. Así mesmo, practicouse a notificación individualizada ós interesados.

No mes de novembro de 2002 os servizos técnicos e xurídicos da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo presentaron o proxecto do Plan Especial de referencia, coas modificacións derivadas das suxerencias plantexadas durante o trámite de información pública e da modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 antes citada.

En data 06.02.2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar inicialmente o citado Plan Especial. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 70, do 09.04.2003 e nos xornais "Faro de Vigo" dos días 28.02.2003 e 28.03.2003; "Atlántico" do día 07.03.2003; e "La Voz de Galicia" do 29.03.2003.

Na sesión plenaria de 28.6.04 acordou o seguinte: "(...) Primeiro: Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo. (expte. 8159/411). Segundo: Aprobar definitivamente o <PERI IV-01-San Roque A>, de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo. Terceiro: Nos polígonos delimitados no PERI deberán constituírse entidades urbanísticas de conservación no momento da recepción das obras de urbanización, nos termos esixidos no planeamento xeral e na lexislación vixente. Cuarto.- Publíquese a parte dispositiva deste acordo no DOG e a normativa e ordenanzas do PERI no BOP. Remítaselle unha copia autenticada de dous exemplares do PERI á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós alegantes, ós propietarios do ámbito e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses (...)"

O 15.10.04 as entidades "Doblada, S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A." e "Invoga, S.A.", presentan proxecto de urbanización da AR-2 do PERI IV-01 San Roque A, elaborado por don Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15 de xuño de 2004. O 11 de xaneiro de 2005, as empresas anteditas, presentan reformado de proxecto de urbanización de acordo cos requerimentos de subsanación de documentación realizado polos distintos servizos do Concello, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o 7 de xullo de 2005.

Consta no expediente informe dos servizos electromecánicos de 14 de febreiro de 2005 no que se informa favorablemente a instalación, poñendo as seguintes condicións ó alumeadado público: "-Deberá comunicar a este Servizo, o inicio das obras.- O emprazamento exacto dos puntos de luz definirase conxuntamente cos técnicos municipais no replanteo previo á execución da instalación.- Os puntos de luz retirados por motivo das obras a realizar deberá ser substituídos por outros provisionais salvo cos técnicos municipais non o consideren necesario.- Antes de proceder á posta en servizo de dita instalación, xirarase inspección á mesma, o obxecto de comprobar cas obras realizadas, se axustan o proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, na súa instrucción técnica complementaria ITC-09, coa Resolución da Dirección Xeral de Industria do 5 de

setembro de 1997 e coa ordenanza municipal de alumado público do Concello de Vigo actualizada". Con respecto á canalización de gas, o mesmo servizo informa: "Analizada a documentación correspondente o expediente de referencia; esta Oficina Técnica comunica que cumpre coa normativa vixente o respecto e a Ordenanza Municipal reguladora da distribución de gas nos proxectos de novas urbanizacións. Terase en conta o seguinte:- As canalizacións deberán cumprir os requisitos establecidos para as obras a realizar na vía pública. -As canalizacións deberán axustarse os planos adxuntos de detalles de entubados soterrados en zonas axardinadas, baixo beirarrúas e baixo calzadas. -Deberán comunicar a este servizo, o inicio das obras de canalización da rede de gas. -Unha vez finalizadas as obras, deberán entregar Certificado de Dirección das mesmas nestas oficinas, acompañando dos planos suficientes nos cales se recolla o estado final das canalizacións. Posteriormente xirarase visita de inspección; ó obxecto de comprobar cas instalacións axústanse o proxecto presentado."

Por outra parte, consta informe do enxeñeiro de montes de data 28 de febreiro de 2005, no que se constata o seguinte: "Xirada visita de inspección as obras de urbanización da Finca Pizarro IV-01 San Roque A-Área de reparto 2,o técnico que suscribe informa que examinada a documentación aportada e tendo en conta que se subsanaron as puntualizacións feitas con data 28 de outubro de 2004, considérase que as obras axústanse (no ámbito de xardinería) os requisitos deste departamento."

Por último, consta informe do enxeiro técnico de obras públicas de data 4 de marzo de 2005, cuxo contido se reproduce parcialmente: "El proyecto consiste por una parte en la ampliación de la calle Pizarro, entre la de Vázquez Varela y la glorieta de Isabel La Católica, hasta una sección transversal de 22,-metros con aceras de 5,-metros, y por otra la ordenación y urbanización de la amplia zona verde (8.500, -m2) en la zona superior del ámbito, y que incluye las cubiertas del sólido central las cuales se ajardinan convenientemente. La conservación de estas últimas, será por cuenta de la propiedad del sólido a través de la correspondiente Entidad Urbanística de Conservación. El proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales, estando previstas dos zonas con contenedores de RSU enterrados, situadas en la calle Pizarro. La documentación técnica está presentada en dos tomos, uno la ampliación de la calle Pizarro y el otro de la zona verde, existiendo un resumen global de toda actuación. El proyecto cumple con las vigentes NNUU, con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será notificado por la Dirección Técnica de las mismas al Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección Técnica de las obras estará obligada a presentar a la inspección municipal un Plan de Control de Calidad, y aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme el articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas y al mencionado control de calidad. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición publica se notificará al departamento municipal de Tráfico, a las empresas Unión Fenosa , Aqualia , y a las de comunicaciones".

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 26.12.05, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do polígono "4", área de reparto "2", do PERI "IV-San Roque 1 A", formalizado en escritura pública outorgada no 24/10/2005 perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 2.306 do seu protocolo (Expte. 4587/401). SEGUNDO: Desestimar a solicitude de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico de cesión legal ó Concello, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo. TERCEIRO: Deberá inscribirse o Proxecto de Equidistribución no Rexistro da Propiedade e achegar a esta Administración municipal unha copia do mesmo coa referencia rexistral das fincas resultantes de titularidade municipal (...)".

#### DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES

1. Constitución española (artigo 33, 149.1.18...).
2. Lei 7/85 (modificada pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local e Real decreto lexislativo 781/86, pola que se aproban as disposicións vixentes en materia de réxime local.
3. Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
4. Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.
5. Lei 30/92, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Deberanse aprobar inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someterse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e proceder á aprobación definitiva coas modificacións que resulten pertinentes.*
2. *Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio *lex posterior derogat lex anterior* e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74 da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (1.129.126,02 € -presuposto de execución por contrata, ó que haberá que engadir o beneficio industrial, gastos xerais e o IVE correspondente) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía.*
3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras.*

*Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor, e se deduce, que non contradín o disposto no planeamento aprobado inicialmente e publicado o acordo como tal o 15 de febreiro de 2005. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*

4. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

*Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:*

1. *Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 2, do PERI IV-01-San Roque A, promovido polas empresas "Doblada S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A.", "Invoga, S.A.", elaborado por Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García e visado polo COAG en data 15 de xuño de 2004 e 7 de xaneiro de 2005.*
2. *Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- *Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 2, do PERI IV-01-San Roque A, promovido polas empresas "Doblada S.A.", "Vallehermoso división promoción, S.A.", "Invoga, S.A.", elaborado por Enrique D. Acuña Fernández e don Alberto Moreno García e visado polo COAG en data 15 de xuño de 2004 e 7 de xaneiro de 2005.*

2º.- *Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.*

### **23.-DAR CONTA DE ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE PREMA DE LIQUIDACIÓN DE ACOMETIDA DE SANEAMENTO E MULTAS COERCITIVAS DE URBANISMO. EXPTE. 4221/700.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do tesoureiro municipal do 9.12.05, que di o seguinte:

- *En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002, na Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:*

*"Interesar da Tesourería deste Concello que, tras as comprobacións e informes que estime oportuno recadar, dicte providencia de constrinximento que permita a xestión de cobramento das cantidades adebadas á entidade concesionaria (Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas do Concello de Vigo, AQUALIA) segundo consta na certificación de descuberto emitida con data 08/1/2002, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento establecido no artigo 130 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955) e o que con carácter xeral se deriva do Regulamento Xeral de Recadación"*

*En data 15 de marzo de 2002, foi dictada a Providencia de constrinximento, polo Sr. Tesoureiro*

□ Con data 16 de maio de 2005, a Xunta Local de Goberno deste Concello de Vigo, acordou dar cumprimento a base 48ª das de execución do Presuposto, para que polo Sr. Tesoureiro se dictara Providencia de Apremio, que permitira cobra-las cantidades adebedadas por contribuintes en concepto de Multas Urbanísticas.

En data 20 de xullo de 2005, foi dictada a Providencia de constrinximento, polo Sr. Tesoureiro

En data 07/12/2005 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro Accidental, acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en en data/s 11/08/2005 (nº doc: 50151353), 30/08/2005 (nº doc: 50155555), 02/09/2005 (nº docs: 50156657 e 50156656), 06/09/2005 (nº doc: 50157725), 02/11/2005 (nº doc: 50179310), e 21/11/2005 (nº doc: 50187754 ) pola Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas do Concello de Vigo, AQUALIA, e pola Resolución do Consello da Xerencia de Urbanismo de data, 13/09/2005 (exp. 12666-423), das que se achega copia.

Nas citadas resolucións, solicitábanse as anulacións das liquidacións, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.

#### DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	Nº FIXO	PRINCIPAL
CARMEN PEREZ PEREZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900238	202065	1.220,05 €
MARIA ALONSO MARTINEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900382	203076	1.220,05 €
CARLOS ALONSO GARCIA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900311	204532	1.220,05 €
GABRIEL CABALEIRO VILA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900048	204397	1.220,05 €
ISAURA SOTO ROMAN	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900510	204551	1.220,05 €
ARMANDO ALONSO NOVOA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900366	202847	1.220,05 €
ARMANDO ALONSO NOVOA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900042	205813	1.220,05 €
JOSE AGULLA GARCIA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900492	204109	1.220,05 €
OTERO LAFUENTE MARIA JOSE	MUL.COERC.URBAN.2005	058520187	12666/423	301,00

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**24.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez